

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de Setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG. 18/09/2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **6 profesores/profesoras**, dun total de **7** que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro. As **reclamacións** ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 12:00 horas do día 11 de novembro**.

3.- As **candidaturas** correspondentes poderanse presentar a partir do día da data **ata as 12'00 horas do día 11 de novembro**.

4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- Cada profesor/a fará constar **na papeleta** das eleccións **un máximo de 5 da lista de candidatos/as**.

6.- O voto será directo, secreto e non delegado.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, **convocase Claustro de Profesores/as**, a tales efectos, para o día **7 de Novembro ás 12:35h**.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Meaño, 29 de outubro de 2024

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: César Fernández Riádigos

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de Setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG. 18/09/2024), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 pais/nais** dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar. *O de menor número de votos será elixido por 2 anos xa que a praza que vai ocupar quedou vacante por un membro elixido no 2022.* Os outros **0** representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no **Censo** correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións** ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 12:00 horas do día 11 de novembro.**

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa **candidatura** oficial segundo o **modelo que se facilitará na Secretaría do Centro.** As candidaturas poderán ser presentadas **ata as 12:00 horas do día 11 de novembro.**

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **11 de novembro, ás 13:10h horas.** Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A **campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 19 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As **votacións** realizaranse **neste IES o día 20 de novembro, de 13:10h a 15:10h.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:00 horas.

8.- Na **papeleta de votación** cada elector/a fará constar un máximo **de 2 nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do **D.N.I.** ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Meaño, 29 de outubro de 2024

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: César Fernández Riádigos

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de Setembro de 2024, da Dirección Xeral de

Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG. 18/09/2024), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/as** dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes de alumnos continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- Son electores todos os alumnos/as do Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **12:00 horas do día 11 de novembro**.

3.- Son elixibles todos os alumnos/as os que formulen a súa **candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro**. As candidaturas poderán ser **presentadas ata as 12:00 horas do día 11 de novembro**.

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos/as, o día **11 de novembro, ás 13:10h** horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e dous alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A **campaña electoral** comprenderá dende o **12 ao 19 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as matriculado no Centro que sexan propostos pola Asociación de alumnos ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As **votacións** realizaranse neste IES o **día 20 de novembro, de 11:30 a 13:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 11:30h horas.

8.- **Na papeleta de votación** cada elector/a **fará constar un máximo 1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.


9.- Teñen dereito ao voto todos os alumnos/as do Centro e incluídos no Censo correspondente..

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Meaño, 29 de outubro de 2024

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: César Fernández Riádigos

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de Setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG.

18/09/2024), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, dun total de 1 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 12:00 horas do día 11 de novembro**.

3.- Son elixibles todo O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS que formulen a súa **candidatura oficial** segundo o modelo que se facilitará **na Secretaría do Centro**. As candidaturas poderán ser **presentadas ata as 12:00 horas do día 11 de novembro**.

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre o PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS que non se presenten como candidatos/as, o día **11 de novembro, ás 13:10h** horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, o secretario/a do centro e o membro do citado persoal de maior idade

5.- A **campaña electoral** comprenderá dende o **12 ao 19 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- As **votacións** realizaranse neste IES o **día 20 de novembro, de 14:00 a 15:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 14:00h horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.


8.- Teñen dereito ao voto todos os membros do persoal de administración e servizos

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Meaño, 29 de outubro de 2024

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: César Fernández Riádigos